



Concello do Grove

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

EXPEDIENTE: 1603/2025

PROCEDIMENTO: **Adxudicación de autorizacións para explotación de servizos de tempada en praias 2025-2027** - Quiosco, hamacas, kaiaks, paddle surf.

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. Obxecto.

1.1.- Constitúe o obxecto do presente Prego o fixar as condicións particulares que han de rexer o procedemento de adxudicación das autorizacións municipais para a explotación, a través de terceiros, dos servizos de tempada nas praias do municipio do Grove, de acordo co disposto no artigo 53 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

1.2.- O outorgamento das autorizacións municipais para a instalación, xestión explotación dos servizos de tempada farase en réxime de concorrència competitiva, conforme as prescricións deste prego e o de prescricións técnicas, e dentro do marco e coas limitacións da autorización outorgada pola Demarcación de Costas de Pontevedra, estando a licitación condicionada á previa obtención da mesma.

1.3.- Prevé o artigo 115. c) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, que as competencias municipais, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, poderán abarcar, entre outros, o seguinte extremo: c) Explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local. En todo caso as autorizacións unicamente permitirán a explotación de servizos por medio de instalacións desmontables ás que se refire o artigo 51 e seguintes da Lei 22/1988, de Costas de 28 de xullo, e artigos 110 e seguintes do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

1.4.- As autorizacións que se outorguen polo Concello non eximen aos titulares da obrigatoriedade de obter as demais licenzas, permisos e autorizacións que legalmente sexan exixibles, así como, da observancia da normativa vixente de establecementos expendedores de alimentos e moi especialmente a normativa, recomendacións e protocolos establecidos polas distintas administracións públicas para protección da saúde pública.

2. Procedemento e tramitación.

A autorización administrativa adxudicarase en réxime de **concorrència competitiva**, con





Concello do Grove

tramitación **urxente** e rexerase polo presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e polo prego de prescricións técnicas (PPT), de conformidade co disposto nos artigos 92 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas e 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RB).

A declaración de urxencia está motivada na proximidade da data de inicio da actividade, sendo urxente poñer en funcionamento estes servizos, que pola súa natureza corresponden á tempada estival e pola necesidade de reactivar a actividade económica e turística.

O órgano competente para o outorgamento das autorizacións será a Xunta de Goberno Local.

3. Capacidade para concorrer.

Poderán participar no concurso as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, e non se encontren incusas en ningunha das causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade para contratar coa administración pública previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

4. Duración das autorizacións.

A duración das autorizacións comprenderá as tempadas de verán de 2025 a 2027 (inclusive), entre o 1 de maio e o 15 de outubro de cada ano, e no ano actual de ser posterior, dende a formalización do contrato de adxudicación.

A instalación e retirada dos quioscos e demais servizos terá que ser comunicada ao Concello cunha antelación mínima de 3 días a fin de que os servizos técnicos municipais e o servizo de vixilancia de Costas, no seu caso, poidan supervisar que as ditas operacións se realizan sen causar danos no dominio público marítimo-terrestre así como que as instalacións se emprazan nos lugares asignados. No PPT refírese o procedemento para comunicacións.

5. Canon mínimo.

O canon mínimo a aboar ao Concello do Grove por cada tempada é o que consta para cada autorización de servizo no apartado 1 do cadro resume inicial do presente prego de condicións.

O canon deberá ser aboado: o 50 por cento, dentro dos dez días hábiles seguintes ao inicio da tempada ou á formalización da adxudicación no primeiro ano e, o 50 por cento restante,





Concello do Grove

antes do 1 de agosto de cada tempada.

6. Fianza.

Os adxudicatarios das autorizacións para quioscos están obrigados a constituír depósito na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda, en calquera das súas sucursais, ou na Tesourería municipal, mediante ingreso en metálico ou o correspondente aval bancario, no prazo sinalado no apartado 9.2 deste prego, por importe de 25€ por metro cadrado de ocupación, para responder dos custos de execución subsidiaria do levantamento da instalación. Esta fianza poderá ser recuperada ao finalizar a tempada, previa solicitude de devolución por parte do interesado e previa comprobación do estado da praia polos servizos técnicos municipais e servizo de vixilancia de Costas.

7. Garantías provisional e definitiva.

Existindo antecedentes de presentación de proposicións que son retiradas sen causa xustificada, para poder tomar parte no presente procedemento, esíxese a constitución dunha **garantía provisional** por importe do 3 por cento do canon mínimo a ofertar por cada autorización de servizo solicitado, que responderá do mantemento da oferta ata a perfección do contrato.

A garantía provisional extingüirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da perfección do contrato. En todo caso, a garantía provisional devolverase ao licitador seleccionado como adxudicatario cando constituíse a garantía definitiva, podendo aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última.

O Concello do Grove penalizará aos licitadores que retiren a súa proposición, coa incautación da garantía provisional e cunha sanción por importe igual á diferenza entre a proposición económica retirada e a proposición clasificada no segundo lugar, descontando o importe da fianza provisional incautada. En ningún caso se considerará xustificada a renuncia por falta de materiais para desenvolver a actividade, nin tampouco o desenvolvemento de outra profesión laboral polo licitador adxudicatario. A penalidade ten unha función reparadora dos danos e prexuízos que se producen pola demora do procedemento.

En cumprimento da Sentenza nº 200/2023 do Xdo. Contencioso/Admtvo N. 3 de Pontevedra, o cálculo da penalización antedita fará referencia a un ano e non aos catro anos de duración prevista da concesión.

Os adxudicatarios deberán constituír unha garantía definitiva por importe igual ao 5% canon inicial da autorización, incrementado no seu caso en función da oferta do concesionario.





Concello do Grove

A garantía definitiva devolverase no prazo dos 30 días naturais seguintes á terminación do contrato/autorización, previa solicitude por escrito do concesionario. Presentada a solicitude, emitirase informe polos servizos técnicos, e de ser favorable, procederase á súa devolución. En caso contrario daranse as instrucións oportunas ao concesionario para que proceda á súa emenda, outorgándosele para elo un prazo suficiente. Corrixidas as deficiencias de conformidade coas instrucións da Administración, procedera a devolución da garantía.

8. Propositions: prazo de presentación e contido das mesmas.

8.1. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Quen desexe participar na poxa, deberá solicitar, mediante instancia coa que acompañará un sobre A e tantos sobres B como autorizacións de servizos solicita, pechados, segundo o indicado na cláusula 8.2, dirixida ao Sr. Alcalde.

O prazo de presentación das solicitudes será de **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra**. En caso de que o último día do prazo fora día inhábil, estenderase ao primeiro hábil seguinte. Publicarase no taboleiro de anuncios electrónico da páxina web do Concello do Grove, www.concellodogrove.es a convocatoria, xunto cos pregos reguladores da mesma: PCAP (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) e cadro resumo e PPT (Prego de Prescricións Técnicas).

Así mesmo, poderán dirixirse consultas, ata tres días antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, ao enderezo electrónico: contratación@concellodogrove.es.

As propositions presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Grove. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo postal. Cando as propositions se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante envío do xustificante por correo electrónico ao enderezo:

contratacion@concellodogrove.es.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposition se é recibida no Concello con posterioridade á data e hora da terminación do prazo para presentar proposition, sinalado no parágrafo anterior. Non obstante, transcorridos tres (3) días hábiles dende a indicada data, sen terse recibido a documentación, está non será admitida en ningún caso.

Non poderán presentarse as propositions por medios electrónicos, telemáticas ou informáticos.





Concello do Grove

A presentación da solicitude de participación supón a aceptación incondicionada do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego sen salvidade ou reserva algunha.

8.2. CONTIDO DA PROPOSICIÓN: FORMALIDADES NA PRESENTACION:

Cada licitador presentará como mínimo dous sobres pechados (Sobre A e Sobre B).

Nos citados sobres deberá constar o nome do servizo ao que opta e o nome do licitador.

Sobre A - Presentarase so 1 sobre por cada licitador.

Conterá o Anexo I coa declaración responsable e o xustificante de ingreso da fianza ou fianzas provisionais.

Sobre B – Proposición.

Conterá o Anexo II de Modelo de Proposición.

Cada licitador deberá presentar 1 sobre B por cada autorización de servizo para o que presente oferta.

Desbotaranse os sobres B que conteñan proposicións para varias autorizacións de servizos.

9. Adxudicación.

9.1. NORMAS XERAIS

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, non acadase o canon mínimo previsto, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

9.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

O criterio de adxudicación consistirá na mellora do canon inicial mínimo (ata 100 puntos).

Os licitadores deberan ofertar para cada autorización á que opten un prezo por tempada que en todo caso haberá de cubrir o mínimo esixido.

O licitador que oferte para cada autorización o canon mais alto, será avaliado con 100 puntos, mentres que os que oferten o canon mínimo obterán 0 puntos. As demais ofertas avaliaranse de forma proporcional en regra de 3 simple.

As ofertas cuxo prezo non cubra canon o mínimo serán directamente excluídas.





Concello do Grove

Suposto de empate:

No caso de empate entre os mellores prezos ofertados, decidírase por sorteo realizado en acto público.

9.3. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

O acto de apertura de proposicións realizarase no lugar e data que se anuncien na páxina web do Concello do Grove, por unha **Comisión de Avaliación** das ofertas, constituída polos seguintes membros:

Presidente: O alcalde, Jose A. Cacabelos Rico, ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

- 1) Secretario acumulado da Corporación, Daniel Ángel Lamas Bello, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- 2) Interventora acctal. da Corporación, Monserrat Cores Vázquez, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- 3) Auxiliar técnico de Turismo, Mara Mariño Meis, ou funcionario que legalmente a substitúa.

Secretaría:

Titular: Administrativa, María del Carmen Meis Domínguez

Suplente: a funcionaria municipal, Isabel Prieto Prol.

O acto de apertura será público.

A Comisión de Avaliación, á vista das proposicións e demais circunstancias que deban de terse en conta, valorará as distintas proposicións presentadas e as clasificará, de maior a menor canon ofertado.

A continuación, a comisión realizará proposta de asignación dos postos en función do prezo ofertado, por ser este o único criterio de adxudicación previsto no presente prego de condicións.

No caso de empate entre os mellores prezos ofertados, decidírase por sorteo realizado en acto público.

A Comisión de Avaliación requirirá aos que resulten propostos para que presenten, no **prazo máximo de 5 días naturais a seguinte documentación:**





Concello do Grove

- a) Copia do Documento de Identidade ou CIF.
- b) Copia da escritura de constitución, coa acreditación da súa inscrición no Rexistro Mercantil, se fose preceptiva e acreditación da representación do ofertante que non actuase en nome propio.
- c) Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Administración do Estado.
- d) Xustificante de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Documento acreditativo do ingreso de garantía definitiva.
- f) Xustificante de ter depositada a correspondente fianza de 25 euros por m² de ocupación nos casos en que é esixible.
- g) Copia da póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil xeral, cunha suma asegurada de 300.000 euros e un sublímete por vítima de 150.000 euros, coas seguintes coberturas: RC patronal, RC explotación, RC produtos, RC locativa, Defensa e fianzas. Dita póliza debe cubrir os riscos que puideran ocasionarse pola instalación, desmontaxe e actividade.

Comprobarase de oficio polos servizos administrativos municipais que o licitador non ten débedas pendentes co Concello do Grove, de modo que a presentación da oferta implicará a autorización para a comprobación destes datos, salvo que o interesado se opoña expresamente, suposto no que deberá presentar a correspondente documentación xustificativa.

O incumprimento destes requisitos, determinará a non adxudicación do contrato/autorización, procedendo a formularse o correspondente requirimento ao seguinte licitador en función da orde de clasificación das ofertas.

O requirimento de documentación e tódalas notificacións e comunicacións cos contratistas por razón do presente contrato, realizaranse exclusivamente **por medios electrónicos**, por comparecencia na sede electrónica do concello:

(<https://concellodogrove.sedelectronica.gal>), para o que se enviará aviso ao enderezo electrónico que cada contratista designe no modelo de proposición.

Os prazos computaranse a partir da data de envío do aviso de notificación.

9.4. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN:





Concello do Grove

Recibida a documentación solicitada, pola Xunta de Goberno Local procederase á adxudicación da autorización de ocupación de dominio público para explotación dos servizos, atendendo á proposta realizada pola comisión.

A adxudicación, unha vez acordada, será notificada ao adxudicatario e participantes na licitación e publicada na sede electrónica do Concello.

O Concello comunicará ao Servizo de Costas a relación nominal dos titulares da explotación, previamente ao inicio desta.

A autorización será formalizada en documento administrativo nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a notificación da adxudicación. O adxudicatario poderá elevar a escritura pública a formalización sendo da súa conta os correspondentes gastos.

10. Tipoloxía e condicións xerais das instalacións.

As instalacións dos servizos de tempada terán que respectar a lexislación vixente en materia de Costas e as normas establecidas a tal efecto polo Servizo Provincial de Costas e o Concello do Grove que se inclúen no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

A tipoloxía das instalacións terá que harmonizar coa contorna, con emprego de materiais axeitados e de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

Os quioscos e equipos en xeral terán que ser adquiridos polos adxudicatarios das autorizacións, quen igualmente sufragarán os custes de instalación de conexións necesarias (electricidade, lixo, auga e saneamento), así como os de mantemento e retirada das estruturas tal e como se establece no PPT.

A situación das instalacións terá que axustarse estritamente ao emprazamento que estableza o Concello do Grove e o Servizo provincial de Costas e Medio Ambiente de Pontevedra e que se sinala no PPT.

Todas as instalacións terán que manterse en bo estado de limpeza e conservación.

11. Dereitos e deberes do adxudicatario.-

11.1.- Serán **deberes** do adxudicatario os seguintes:

- 1) Unha vez realizada a adxudicación definitiva, proceder ás instalacións necesarias para a explotación dos servizos (estruturas e conexións).
- 2) Respetar o obxecto da autorización, cumprindo todas e cada unha das condicións que se sinalan no presente prego e cantas poidan ditarse con posterioridade para o mellor funcionamento da explotación, que serán notificadas ao adxudicatario.
- 3) Exhibir, en calquera momento en que así se lle solicite, a correspondente autorización,





Concello do Grove

ou unha fotocopia da mesma, a cal terá que estar dispoñible no establecemento.

4) Seguir as instrucións ou directrices que dite ou sinala o Concello, para a realización dos traballos e prestacións que constitúen o obxecto da autorización.

5) Cumprir coa normativa propia dos establecementos para os que se adxudica a explotación.

6) Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado así como as instalacións, incluídos os servizos anexos.

7) Indemnizar os danos que, no seu caso, poida causar á Administración municipal ou a terceiros durante a prestación do servizo, para o cal, terá que dispoñer dun seguro de responsabilidade civil, que cubra a responsabilidade civil dos danos e prexuízos que, por calquera risco, puidesen ser ocasionados pola prestación do servizo ou funcionamento das instalacións.

8) Responder de cantos danos e prexuízos, de calquera clase, puidese causar o persoal ao seu cargo. En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole producido ao seu persoal ou causado a terceiros como consecuencia da explotación das instalacións, o concello queda exonerado de calquera responsabilidade principal ou subsidiaria, civil ou penal, responsabilidade que asumirá expresamente o adxudicatario da autorización.

9) Cumprir as súas obrigas de carácter fiscal e, respecto do persoal ao seu servizo, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo, baixo a súa específica e persoal responsabilidade en todas as ordes.

10) Cumprir a normativa vixente sobre establecementos expendedores e manipuladores de alimentos, horario de apertura e peche, ruídos, etc., así como calquera outra normativa sectorial preceptiva, propia dos establecementos cuxa explotación se adxudica. Establécese un límite horario de **peche dos servizos ás 12:00 p.m.**

11) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE, así como na Seguridade Social, durante toda a tempada.

12) Exercer de seu a autorización, que non será transmisíble.

13) Manter en perfecto estado de limpeza e conservación a porción de dominio público ocupado, así como un área de 5 metros que rodee a instalación.

14) Os quioscos deberán estar dotados **dun aseó** e asumirán as conexións e os consumos de auga, lixo e saneamento, electricidade, gas, teléfono e combustíbles dos espazos cedidos en explotación, así como a limpeza do contorno de calquera tipo de desperdicio derivado da súa actividade.

15) Con carácter xeral, estarán obrigados a dispoñer de recipientes para o depósito de desperdicios de lixo derivados da súa actividade, que terá que ser pechado e retirado diariamente.

16) Queda prohibido deixar ou almacenar fóra do quiosco calquera elemento (caixas, estantes, expositores, materiais, bidóns,...)

17) Deberán facilitar os labores propios do servizo municipal de limpeza de praias, atendendo de inmediato os requirimentos e as instrucións dadas pola Administración.

18) Queda prohibido o uso de deterxentes ou calquera tipo de produtos químicos nocivos para o medio ambiente.

19) Queda prohibida a realización de lumes, baldeos ou abandonos incontrolados.





Concello do Grove

- 20) Deberá ter exposto ao público os listados de prezos oficiais, debidamente selados pola administración competente.
- 21) A retirada das instalacións no prazo de tres días, cando así o determine o Servizo de Costas, e en todo caso, ao final da tempada, así como a restaurar a realidade física alterada.
- 22) Durante a explotación non se permitirá o vertido de augas residuais, lixo ou elementos que danen as condicións estéticas ou hixiénicas do lugar.
- 23) As instalacións utilizaranse exclusivamente para a finalidade indicada, e reunirán as condicións hixiénico-sanitarias previstas na lexislación vixente. O adxudicatario queda obrigado a manter en bo estado as instalacións, dispoñendo do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os usuarios, sendo necesario garantir a evacuación e retirado do dominio público dos residuos líquidos e sólidos, sen o que non se autorizará o inicio da explotación.
- 24) Cumprir, ademais, das expresadas, cantas obrigas veñan impostas por precepto legal ou regulamentario especialmente todo o indicado no PPT.
- 25) Cumprir as normas, recomendacións e protocolos que establezan as distintas administracións públicas competentes, en cada momento, para protexer a saúde pública.
- 26) Non se autorizan os concertos ou eventos similares de ningún tipo, como se recolle no PPT.

11.2.- Son dereitos do adxudicatario:

- 1) Utilizar os bens de dominio público necesarios para a explotación dentro dos límites fixados pola autorización.
- 2) Obter a protección axeitada para o desenvolvemento da actividade.
- 3) Recuperar as instalacións unha vez rematado o prazo da vixencia da autorización.
- 4) Cantas outras se deriven do presente prego e demais disposicións aplicables.

12. Facultades do Concello.

O Concello velará porque o adxudicatario cumpra estritamente o uso e condicións da mesma e as normas reguladoras da actividade, fundamentalmente no aspecto sanitario e medio ambiental.

Así mesmo, a Corporación, exercerá todas e cada unha das potestades administrativas que en materia de praias lle confire a lexislación vixente.

13.- Réxime sancionador.

O titular da autorización quedará obrigado a cumprir as condicións establecidas no PPT e en especial as impostas polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, incorporadas ao mesmo.

Cando o titular da autorización non leve a cabo as accións debidas, o Concello poderá





Concello do Grove

proceder á súa execución subsidiaria, sendo o importe dos gastos a cargo de devandito titular.

Establécese un réxime de sancións ocasionadas por:

FALTAS LEVES:

O incumprimento de calquera obriga establecida nos pregos de condicións administrativas particulares e de prescricións técnicas que non teña a consideración de falta grave ou moi grave.

FALTAS GRAVES:

- a) A falta de limpeza, que non poña en risco a saúde pública.
- b) Botar lixo e desperdicios fóra dos colectores.
- c) A falta de decoro, respecto ou altercados verbais ante a clientela, outros usuarios e persoal da administración.
- d) A venda de produtos ou a realización de actividades non relacionados co obxecto da autorización.
- e) Incumprir a normativa xeral en materia de publicidade dos prezos.
- f) Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que lle sexa solicitada polo persoal autorizado.
- g) O desacato ás ordes ou mandatos das autoridades municipais, que non constitúa falta moi grave.
- h) Empregar ou auxiliarse de colaboradores/as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral.
- i) As infraccións da regulamentación sanitaria que só impliquen descoido ou negligencia.
- j) O incumprimento dos horarios de funcionamento establecidos pola normativa da actividade.

FALTAS MOI GRAVES:

- a) A alteración dos usos autorizados.
- b) O aumento da ocupación autorizada en máis de un 5 por 100.
- c) O almacenamento exterior de acopios, almacenamento ou depósitos dos residuos das explotacións.
- d) A instalación de conducións ou tendidos aéreos.
- e) Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- f) A instalación de fosas sépticas non autorizadas.
- g) O incumprimento das condicións desta autorización, así como de calquera das prohibicións establecidas, con carácter xeral, na Lei de Costas e do seu Regulamento de desenvolvemento.
- h) A publicidade a través de carteis nas instalacións.
- I) A transmisión da autorización sen aprobación do Concello.
- J) O incumprimento da normativa hixiénico-sanitaria ou alimenticia e de seguridade que supoña perigo ou poña en risco a saúde pública.





Concello do Grove

SANCIÓNS:

O Concello, logo da apertura do correspondente expediente, poderá sancionar o/a infractor/a coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña ao/á infractor/a a reparación ou reposición dos danos causados.

— Faltas leves: apercibimento ou multa de entre 100,00 € e 300,00 €.

— Faltas graves: cun importe de entre 301,00 € e 600,00 €.

— Faltas moi graves: cun importe de entre 601,00 € e 1.000,00 €, ou coa rescisión da autorización e consecuentemente a obriga de deixala libre no prazo máximo de 3 días hábiles no caso de quioscos e de 1 día no resto das autorizacións.

As infraccións tipificadas na normativa estatal ou autonómica por vulneración das disposicións xurídicas en materia sanitaria de alimentación e de comercio serán sancionadas na contía que estableza a normativa específica cando esta atribución lle corresponda ao alcalde.

O órgano competente en materia de infraccións e sancións será a Alcaldía do Concello.

14. Extinción.

As autorizacións quedarán sen efecto si se incumpren as condicións ás que estiveren subordinadas, e deberán ser revogadas cando desaparecesen as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sobreviren outras que, de existir naquel momento, xustificarian a denegación e poderán selo cando se adoptaren novos criterios de apreciación.

En calquera caso acordarase pola Xunta de Goberno, previa a tramitación do expediente procedente.

Serán **causa de caducidade**, parcial ou total, desta autorización, ademais dos casos establecidos, con carácter xeral, no Artigo 79 da Lei de Costas, os seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- O aumento da ocupación autorizada en máis de un 5 por 100.
- O almacenamento exterior de acopios, almacenamento ou depósitos dos residuos das explotacións.
- A instalación de conducións ou tendidos aéreos.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.





Concello do Grove

g) O incumprimento das condicións desta autorización, así como de calquera das prohibicións establecidas, con carácter xeral, na Lei de Costas e do seu regulamento de desenvolvemento.

h) A publicidade a través de carteis nas instalacións.

I) O incumprimento da normativa sanitaria ou as recomendacións en materia de saúde pública.

Así mesmo, as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento, por razóns de interese público, cando resulten incompatibles coas condicións aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

15- Réxime xurídico da autorización.

A natureza xurídica da adxudicación é a de autorización regulamentada regulada nos artigos 1.4 e 17 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado mediante Decreto do 17 de xuño de 1955, na regulamentación dos servizos privados prestados ao público, aos que se refire o número 4.º do artigo 1.º, corresponderá ás Corporacións Locais outorgar a autorización, aprobar as tarifas do servizo, fixar as condicións técnicas e determinar as modalidades de prestación, as garantías de interese público e as sancións aplicables en caso de infracción, así como os supostos en que procede revogar a autorización.

Con fundamento nunha actuación previa de natureza patrimonial de autorización para a ocupación de bens de dominio público marítimo terrestre, de conformidade cos artigos 84 (básico), 86.2 e 92 (básico) da Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 2.2 e Disposición Final segunda da devandita lei, e á Lei de Costas, o presente procedemento rexerase en todo o non previsto especialmente neste prego de condicións, no prego de prescricións técnicas, e na mencionada Lei 33/2003 e Lei 22/1988 de Costas e polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas. Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias, así como a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado mediante Decreto do 17 de xuño de 1955. En caso de contradición entre as prescricións dos pregos que rexen o presente procedemento e o contido do título de habilitación demanial outorgado pola Demarcación de Costas de Galicia, prevalecerá o contido desta última. Dito título consiste





Concello do Grove

na Resolución de 13/03/2024 pola que se aproba o Plan de explotación de servizos de temporada ano 2024-2027 e pola Resolución de 15/04/2025 pola que se aproba o Plan de explotación de servizos de temporada ano 2025, cuxas condicións figuran incorporadas ao Prego de Prescricións Técnicas que rexe no presente contrato.

Consonte ao artigo 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Publico, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as concesións e autorizacións sobre bens de dominio público quedan excluídas do ámbito de aplicación da mesma, e se regularán pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións da presente LCSP. No en tanto, os principios da LCSP serán de aplicación para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Serán de aplicación supletoria as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, aplicarase o disposto na lexislación civil.

As cuestións relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos da autorización serán resoltas polo órgano concedente.

Estas resolucións esgotaran a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas.

O desenvolvemento das correspondentes actividades polo concesionario axustarase ao disposto na normativa técnica e sectorial que lle sexa aplicable en cada caso.

A autorización outorgarase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

A todos os efectos, incluídos os procesuais, entenderase que o lugar de celebración do contrato e o Concello do Grove.

Documento asinado electrónicamente





Concello do Grove

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE **(SOBRE A)**

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nº. Expte:	Denominación do contrato
891/2024	Autorización de ocupación de dominio público para explotación de servizos de tempada en praias 2024-2027

Datos do declarante	
Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	C.P.
Localidade:	Provincia
Tfno:	Fax:
Entidade mercantil á que representa:	CIF:
cargo que ocupa:	Correo-electrónico:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE

Que desexo participar na licitación pública convocada polo Concello do Grove para a adxudicación de autorizacións administrativas para a utilización privativa, con instalacións desmontables, do dominio público marítimo-terrestre, para a explotación dos servizos temporais en praias para as tempadas 2024 a 2027; polo que declaro coñecer e aceptar os pregos de condicións técnicas e administrativas, formulando a seguinte declaración responsable:

- Que non estou incapacitado para contratar coa administración pública.
- Que me atopo ao corrente do pago das obrigas tributarias e coa seguridade social, e que non debo cantidade ningunha ao Concello do Grove.
- Que constituín a fianza provisional esixida no prego de condicións.
- Que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio das actividades a desenvolver; que dispoño da documentación que así o acredita, a cal poñerei ao dispor da Administración de serme sexa requirida, e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao exercicio das devanditas actividades.
- Que, no caso de resultar adxudicatario, o persoal que prestará servizos nos postos estará en disposición do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Que, no caso de resultar adxudicatario, subscribirei un seguro de responsabilidade civil





Concello do Grove

fronte a terceiros, así como un seguro de accidentes.
•Que podo xustificar documentalmente todo o anterior.

O Grove,.....
Data e sinatura.

ANEXO II **Incluír en sobre B**

Debe presentarse un “Anexo II” por cada autorización de servizo que se solicita.

Anularanse as ofertas que se presenten para varias autorizacións de servizos na mesma proposición.

Modelo de proposición

D/a....., actuando en nome propio ou
en representación de.....

Domiciliado/a en:

Teléfono:

E- Mail no que se recibirán as notificacións:

1. Decatado/a da convocatoria por procedemento aberto, para adxudicar as autorizacións administrativas para a explotación de Servizos de Tempada en Praias do Grove nas tempadas 2024 a 2027, comprométese a asumir o devandito contrato con arranxo ao prego de condicións administrativas e de prescricións técnicas aprobados polo Concello e solicita tomar parte na adxudicación baixo as seguintes condicións:

SERVIZO SOLICITADO:

CANTIDADE A ABONAR AO CONCELLO

(en letra e en número)

ORDE DE PRIORIDADE

(so para solicitudes de quioscos en Area das Pipas, Areas de Reboredo, Lavaxeira)





Concello do Grove

(Lugar, data e firma do proponente)”

